



**BORRADOR DA ACTA DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS
NÚMERO 8/2016, DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO, CELEBRADO O 9 DE AGOSTO
DE 2016**

Salceda de Caselas, 9 de agosto de 2016

ASISTENTES

Grupo municipal do Partido Popular

SANTIAGO RODRÍGUEZ DAVILA
JOAQUIN NÚÑEZ TRONCOSO
MIRIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
PRIMITIVO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Grupo municipal de Movemento Salceda

MARCOS DAVID BESADA PÉREZ.
MARÍA DOLORES CASTIÑEIRA ALÉN.
JOSE LUIS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ.
MARÍA TERESA PÉREZ GONZÁLEZ.
MIGUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ.
CARLA MARÍA PÉREZ PÉREZ

Grupo municipal do PSdG-PSOE

VERÓNICA TOURÓN DOMÍNGUEZ
ÁNGELA LEDO SOUTO



Secretaria do Concello

Berta Alonso Soto

HORA DE INICIO: 21:10

HORA DE REMATE: 22:55

Na Sala de Sesións do Concello, sendo as 21:10 horas, tras convocatoria efectuada polo sr. Alcalde mediante decreto nº 330/2016 de 5 de agosto de 2016, reúnen-se en sesión extraordinaria nº 8/2016 (mandato 2015-2019), e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Marcos Besada Pérez, que procede a abrir o acto, unha vez comprobado pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte



ORDE DO DÍA:

1.- Proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2016.

INICIO DA SESIÓN

1.- Proposta de aprobación de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2016.

O Sr. Alcalde explica que a sesión plenaria é extraordinaria porque a situación de este expediente tamén o é, xa que por primeira vez na historia tráese por quinta vez ao pleno un recoñecemento extraxudicial de crédito, expediente que se tramita para permitir que os provedores cobren as facturas presentadas por traballos realizados ao concello. Explica que a alternativa a este expediente é que os provedores acuda á vía xudicial.

Continúa dicindo que esta sesión plenaria deriva dun compromiso asumido coa maioría dos provedores afectados por este expediente e indica que hai unha petición por escrito presentada por estes provedores no rexistro municipal. Sinala que legalmente a única razón para non aprobar este expediente é que as obras ou servizos facturados non se houberan realizado. Explica que o concello conta con case un millón de euros nas contas para facer fronte ao pago de este expediente. Indica que ata agora a actitude do PP e PSOE foi a de impedir que os provedores cobrasen, polo que pide, non xa que voten a favor, se non que se absteñan para posibilitar o pago aos provedores.

Repite que esta é unha situación única na totalidade do estado español. Pide que quede claro que o goberno municipal non vai a admitir chantaxes nin alternativas a este expediente que representen meras cortinas de fume. Cre que a labor da oposición non é a de entorpecer a labor do goberno municipal e moito menos, prexudicar aos provedores impedindo que cobren por un traballo que teñen realizado.

O Sr. González Rodríguez cre que a exposición do Sr. Alcalde foi clara, urxe pagar sen máis demora. Explica que foi iniciativa dos provedores instar mediante un escrito presentado por rexistro aos membros da oposición para que aproben este recoñecemento extraxudicial de crédito, escrito asinado por en torno a sesenta provedores, máis da metade dos afectados. Sinala que tal e como indica o informe da Sra. Interventora, o recoñecemento extraxudicial é o único procedemento para pagar as facturas relacionadas no expediente e evitar o enriquecemento inxusto do concello.

Explica que a alternativa para os provedores é ir á vía xudicial, o cal pode implicar para o concello a obriga de pagar xuros e indemnizacións. Sinala que todos os traballos facturados foron realizados e están conformados polos concelleiros responsables das diferentes áreas. Expón os resultados da liquidación orzamentaria que poñen de manifesto que o concello conta cunha liquidez de 985.000 euros para facer fronte ao recoñecemento extraxudicial de crédito, o cal revela que a oposición non ten razón cando di que no concello se gasta máis do que se ten. Considera que os argumentos que ata o de agora esgrimiu a oposición non teñen apoio real e caen polo su propio peso. Resalta a necesidade urxente de cobro que teñen os provedores polos servizos prestados ao concello. Da lectura ao informe de intervención, que sinala que o feito de non facer o pago aos provedores daría lugar a enriquecemento inxusto. Pon de manifesto o informe de liquidez do concello, que demostra que os argumentos da oposición non son certos, o concello ten os fondos necesarios para afrontar o pago do recoñecemento extraxudicial de crédito.

O Sr. Núñez Troncoso invita ao público asistente a que acudan máis a miúdo ás sesións plenarias e non se guíen pola información manipulada que aparece nas redes sociais e notas de prensa. Quere explicar o motivo do seu voto. Sinala que no 2012 formalizouse un crédito de pago a provedores por importe de 798.000 euros para pagar facturas pendentes do 2008 ao 2012. Nas sesións plenarias de 28 de xuño de 3 de outubro de 2013 se aprobaron os recoñecementos extraxudiciais de crédito núm. 1/2013 e 2/2013 e a posición do PP foi a



abstención xa que é moi difícil que ao final dun exercicio económico non sexa necesario un recoñecemento extraxudicial, pero tales expedientes en total ascendían a un importe de 850.000 euros. No ano 2014 tamén se aprobaron dous expedientes de recoñecemento extraxudicial por importe de 113.722 euros e 9230 euros e o PP tamén se abstivo.

Continua explicando que o PP xa advertiu no orzamento de 2014 que era un orzamento irreal porque por exemplo contemplaba os postos da praza de abastos cunha previsión de ingresos de 200.000 euros e os ingresos reais foron de 0 euros. Tamén orzamentaron en concepto de IBI 850.000 euros e os ingresos reais foron 716.000 euros, o cal foi un desfase enorme. No ano 2015 se aprobaron tres expedientes de recoñecemento extraxudicial co voto en contra do PP, cos orzamentos prorrogados do 2014 pese a que por aquel entón o goberno municipal tiña a maioría. O importe de eses tres expedientes foi de 334.000 euros e aprobouse un crédito extraordinario por 229.000 euros e tamén un suplemento de crédito, todo con cargo ao gasto corrente, o que supuxo que se esgotara o crédito, todo pese ás advertencias de intervención, por todo isto o PP opúxose aos recoñecementos extraxudiciais do ano 2015.

O Sr. Núñez Troncoso lembra que cando o Sr. Alcalde era concelleiro da oposición, no pleno de 8 de abril de 2006 levouse un recoñecemento extraxudicial de crédito de 132.000 euros e na súa intervención considerou que a cantidade era excesiva para un concello como Salceda, e agora no 2016 trae a pleno un recoñecemento extraxudicial por 640.000 euros. Dí que o PP está disposto a negociar este expediente e presentaron propostas ao respecto así coma alegacións ao orzamento de 2016. Fai referencia ás propostas de aforro orzamentario presentadas polo PP. Di que Salceda é o primeiro concello de Galicia coas dedicacións exclusivas máis altas tendo en conta o número de habitantes e o seu orzamento, bastante máis altas que en Tui por exemplo.

O Sr. Alcalde pide que se cinga aos puntos da orde do día que é o recoñecemento extraxudicial de crédito e non o orzamento.

O Sr. Núñez Troncoso di que está motivando o seu voto, si o goberno tivera estimado algunha das súas alegacións poderían votar a favor.

O Sr. Alcalde di que as alegacións non se estimaron porque o informe de intervención era desfavorable. Pide que o PP se pronuncie sobre si os provedores van a cobrar ou non.

O Sr. Núñez Troncoso sinala que o goberno non chamou ao PP para negociar nada sobre as súas reclamacións ao orzamento. Especifica que a Sra. Interventora no seu informe non desestima o contido das súas alegacións, si non que hai unha proposta do Concelleiro que as desestima.

O Sr. González Rodríguez dí que as alegacións do PP non se apoiaron en ningunha das causas que lles permite a lei coma causas de alegación aos orzamentos.

O Sr. Núñez Troncoso resposta que o goberno non tratou de negociar ningunha das propostas presentadas polo PP ou PSOE. O Sr. González Rodríguez dixo na comisión informativa que non se admitían as reclamacións ao orzamento feitas polo PP porque o informe de intervención era desfavorable pero o recoñecemento extraxudicial tamén ten un informe de reparo de intervención e iso non lle impide traer a pleno o expediente. Di que si o Sr. Alcalde quixera aprobar este expediente estimaría as propostas da oposición ou trataría de negociarlas presentando alternativas. Non entende que o Sr. Alcalde, ao ver que a oposición non aproba o recoñecemento extraxudicial, non intente negociar e non varía nin nun ápice a proposta inicial. Tampouco entende porque non se convoca unha reunión conxunta de todos os grupos porque lle consta que hai provedores que o solicitan.

O Sr. Alcalde di que a reunión conxunta que piden é esta, a sesión plenaria, que son o PP eo PSOE os que teñen unha petición por escrito de votar a favor do recoñecemento extraxudicial. Dí que levan cinco comisións informativas e cinco plenos, así coma varias reunións cos diferentes grupos de cara aos orzamentos. Lémbrales que o goberno é o titular do poder executivo polo que non se pode pretender gobernar pola oposición. Reitera que as causas para votar contra o recoñecemento extraxudicial sería que os traballos non estiveran realizados. Di que a oposición pretende bloquear a situación económica do concello pero a realidade é que o concello ten case un millón de euros para facer o pago. Cree que non hai nada máis que negociar, que os traballos foron realizados, as facturas conformadas e existe a liquidez necesaria para pagar. Indica que agora se verá quen vai



a permitir que os provedores cobren ou non. Aclara que non vai a permitir chantaxes porque os traballos teñen que pagarse.

O Sr. Núñez Troncoso indica que o PP non pretende ningún chantaxe, lembra que contratar traballos sabendo que non hai crédito para pagalos é estafar. Di que si hai necesidade dun recoñecemento extraxudicial é porque no seu momento se gastou o que non se tiña. Pide que se permita intervir ao provedor que solicitou unha reunión conxunta que non foi convocada polo Sr. Alcalde.

A Sra. Tourón di que xa chegados a un quinto pleno pouco máis pode dicir que non dixera xa. Sinala que o PSOE xa se abstivo no pasado mes de agosto ante un recoñecemento extraxudicial e advertiu que esa non era a forma de pagar as facturas. Quere deixar claro que o PSOE se abstén neste momento si o Sr. Alcalde adquire os compromisos solicitados por escrito o día 2 de agosto, neste documento presentado por rexistro se lle pide ao Sr. Alcalde que se comprometa a cumprir a legalidade.

O Sr. Alcalde di que non se vai a adquirir ningún compromiso que sexa ilegal.

A Sra. Tourón di que pon sobre a mesa unha posible solución. Lembra que ela defende os intereses non só dos provedores si non de todos os veciños. Da lectura aos puntos de compromiso solicitados no seu escrito de data 2 de agosto. Indica que este escrito está baseado no cumprimento da Lei e evitar que esta situación se volva a producir para os provedores. Indica que estamos no mes de agosto e fai un ano o PSOE xa advertiu que non ía apoiar máis recoñecementos extraxudiciais, a resposta foi traer un ano despois outro recoñecemento extraxudicial polo dobre do importe, 640.000 euros. Cree que esta situación non se debe repetir de aquí ao futuro e por iso pide que se chegue a un compromiso serio. Quere que se chegue a un acordo, propuxeron outras medidas pero non houbo vontade política ao respecto. Considera que non se poden seguir convocando plenos sen sentarse a dialogar previamente coa única motivación de bater unha marca a nivel nacional. Reitera que deixa a súa proposta sobre a mesa e pide que o Sr. Alcalde dialogue e chegue a un acordo. Volve a dicir que o PSOE se absterá agora mesmo si se adquire o compromiso que eles solicitan.

A Sra. Castiñeira di que non entende a intervención da Sra. Tourón, a adquisición dos compromisos que pide sería como dicir que o goberno municipal ata o de agora non cumpriu coa legalidade, o cal no é certo. Si a oposición cree que o goberno non cumpre a legalidade pide que o denunciara coma é debido. Considera que o escrito presentado polo PSOE é unha escusa para xustificarse ante os provedores. Lembra que houbo oito reunións entre comisións informativas, plenos e reunións, nunha das cales o PSOE marchou aos cinco minutos.

A Sra. Ledo di que se trataba dunha reunión sobre os orzamentos non sobre o recoñecemento extraxudicial de crédito.

O Sr. González Rodríguez di que a abstención do PSOE ao recoñecemento extraxudicial aprobado en 2015 debeuse a que moitas das facturas eran responsabilidade do propio PSOE que gobernaba naquel momento. Sinala que en 2015 o PSOE gobernou ata o mes de xuño polo que tamén ten responsabilidade neste recoñecemento extraxudicial núm. 1/2016, porque fixeron gastos sen ter partida e tamén a entón concelleira do PSOE levantou reparos exercendo funcións de alcaldesa accidental, porque era necesario para poder pagar. Cree que o escrito presentado polo PSOE é unha chantaxe. Explica que o concello ten que enfrontarse á necesidade de solucionar problemas imprevistos para os que pode que non haxa partida orzamentaria. Sinala que a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito é legal. Cree que a postura do PSOE varía continuamente, o fondo da cuestión é que hai que pagar aos provedores.

A Sra. Tourón di que os gastos que fixo o PSOE no su momento contaban coa preceptiva retención de crédito realizada por intervención.

O Sr. Alcalde indica que houbo obras coma o do campo de fútbol que non tiñan partida porque estaban en situación de prórroga orzamentaria.

A Sra. Tourón di que desde o 27 de abril pediron unha reunión para buscar solucións para que a situación do recoñecemento extraxudicial se resolverse. Repite que o seu escrito é negociable e que prefire estar na oposición defendendo a legalidade a pactar un goberno de coalición con Movemento Salceda. Cree que é un tema moi serio e pide que non se utilicen rifas políticas nin persoais.



O Sr. Alcalde di que en Salceda cúmprese estritamente a legalidade en materia de contratación e así o dixo o fiscal xefe de Pontevedra ao resolver as denuncias presentadas polo PP. Non existe ningunha ilegalidade por máis que a oposición se empeñe. Cree que a postura do PSOE é irresponsable e o que tratan é de enganar e buscar escusas. Considera que xa se falou todo o posible sobre o tema e que a única razón para parar este expediente sería que os traballos non se tiveran realizado. Di que o concello respecta a prelación de pagos salvo no caso de subvencións suxeitas a prazo ou por razóns de urxencia. Pregunta si a oposición vai a permitir ou non que os provedores cumbran. Cree que as propostas do PSOE son falsas ou irrealizables e é algo que non cumpriu o PSOE cando gobernou nin o PP tampouco. Repite que o recoñecemento extraxudicial ten por obxecto permitir que os provedores cobren e non hai máis transfondo, considera que todo o demais son falsas divagacións. Repite que o goberno municipal cumpre a legalidade e así o recoñeceu o fiscal xefe de Pontevedra. Suliña que o escrito do PSOE é un intento de chantaxe.

A Sra. Tourón considera que é un asunto moi serio o que se está a debater. Di que non hai chantaxe de ningún tipo e indica que o informe do fiscal non ten nada que ver co recoñecemento extraxudicial. Quere garantir que esta situación non se repita no futuro e de aí o seu escrito presentado o 2 de agosto. O PSOE está disposto a absterse sempre que teña garantía de que isto non vai a volver a pasar. Pide que se negocie entre os grupos o expediente para poder sacalo adiante. Pregunta si se podería retirar da orde do día este punto.

O Sr. Alcalde di que a retirada é unha potestade súa xa que é el quen preside a sesión e decide que esa retirada non procede e non se someterá a votación.

O Sr. Rodríguez Davila di que o PP no seu momento, concretamente dou días antes das eleccións municipais, decidiu plantexar ante a fiscalía as formas de actuar do goberno municipal en relación a determinados expedientes e cree que ese é o seu deber coma membros da oposición. Explica que o PP aceptou as súas derrotas nas urnas e non tratou de gobernar mediante pactos. En canto ao recoñecemento extraxudicial de crédito considera que o Sr. Alcalde quere impoñer o seu criterio. Di que o informe de intervención non é contrario ás alegacións ao orzamento feitas polo PP, xa que ese informe recoñece que as alegacións son procedentes.

O Sr. Alcalde pide que o PP se cinga ao punto da orde do día, porque os orzamentos xa están aprobados.

O Sr. Rodríguez Davila di que o Alcalde quere xustificarse no informe de intervención pero a realidade é que si o Sr. Alcalde quixera o recoñecemento extraxudicial saíría adiante, tería negociado co PP en relación ás alegacións ao orzamento para posibilitar un consenso. Cree que ao Sr. Alcalde lle molesta escoitar verdades e que convocou aos provedores para entregarlles notas de prensa. O PP tamén se reuniu cos provedores e lles entregou documentos oficiais do concello, coma actas. Lembra que é a primeira vez que se trae a pleno un recoñecemento extraxudicial por importe de 640.000 euros. Quere que se garanta que os provedores cobren sen necesidade de recoñecementos extraxudiciais, indica que o importe deste expediente é excesivo e pon de manifesto a mala xestión do goberno municipal. Considera que o goberno municipal sistematicamente inflou os orzamentos e falseou cara arriba as contas e agora se están a ver as consecuencias. Si non se toma ningunha medida ao respecto, esta situación volverase repetir e as consecuencias serán moi graves, lembra que no ano 2012 tivo que pedirse un préstamo a dez anos para pagar facturas desde o ano 2008. Cree que este préstamo volverá a ser necesario no futuro si se segue por esta liña. Di que debe garantirse que os traballos se contraten cando exista partida e que o PP non é culpable desta situación porque non foron os que contrataron sen o necesario crédito orzamentario. Pide que se celebre unha reunión a catro, dos grupos municipais e os provedores xa que aquí no pleno non poden intervir.

O Sr. Alcalde di que esta é a décima reunión e que son os grupos PP e PSOE quen teñen unha petición dos provedores por escrito para que apoien este expediente.

O Sr. Rodríguez Davila pide que o Sr. Alcalde dialogue e chegue a un acordo.

O Sr. González Rodríguez di que O Sr. Rodríguez Davila estivo dando datos erróneos. Cree que confunden ter partida orzamentaria con ter liquidez. Señala que esta sesión plenaria lle costa aos veciños mil douscentos euros polo que cobran os concelleiros que non teñen dedicación, polo que o recoñecemento extraxudicial está a custar uns sete mil euros.



O Sr. Rodríguez Davila pide ao Sr. González Rodríguez que deixe de cobrar a dedicación exclusiva e se limite a cobrar as asistencias aos órganos colexiados.

A Sra. Castiñeira Alén di que os concelleiros cobran a súa dedicación baixo luz e taquígrafos. Quere por evidencia a incoherencia do PP, que so acredita aquilo que lles interesa e lles convén. Lembra que o Concello de Mos gastou un millón e medio sen consignación orzamentaria e levou a pleno un recoñecemento extraxudicial de crédito para facer fronte a mais de trescentas cincuenta facturas pendentes de pago.

O Sr. Rodríguez Davila di que a Sra. Castiñeira Alén fai referencia a un concello que duplica a Salceda en poboación e non digamos en orzamento. Quere que conste en acta que o PP sabe que sempre existiu a figura do recoñecemento extraxudicial, pero hai recoñecementos de contía normal e razoable nos que o PP se abstivo pese a que o goberno tiña maioría absoluta e non necesitaba da abstención do PP, pero agora estamos ante un recoñecemento extraxudicial por importe de 640.000 euros. Pide que o Sr. Alcalde convoque aos grupos a unha reunión de traballo, non de imposición.

O Sr. Alcalde considera que o Sr. Rodríguez Davila pretende chantaxear por diferentes vías. A responsabilidade de gobernar é do equipo de goberno polo que non acepta chantaxes.

O Sr. Rodríguez Davila resposta que eles tampouco.

O Sr. Alcalde di que a oposición non pode bloquear ao goberno a través das sesións plenarias. Afirma que o seu carácter dialogante está fora de toda dúbida e que por iso é Alcalde. Resalta que o importante é saber si os provedores van a poder cobrar ou non.

A Sra. Tourón Domínguez pide a retirada do punto da orde do día.

O Sr. Alcalde resposta que non se vai a retirar o punto porque non hai xustificación para facelo e é potestade da alcaldía adoptar tal decisión.

Non existindo máis intervencións, **sométese polo sr. Presidente a ditame a seguinte proposta de acordo:**

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

D. Marcos D. Besada Pérez, Alcalde- Presidente do Concello de Salceda de Caselas, no exercicio das facultades que me atribúe a Lexislación vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

Ante a existencia de gastos realizados durante o exercicio 2015 ou anteriores para os que non había dotación orzamentaria ou cuxas facturas foron presentadas durante o exercicio 2016 polo que non puideron ser tramitadas con cargo ao orzamento correspondente, segundo o detalle dos anexos que se achega coa proposta do Concelleiro de Economía e facenda de data 21 de abril de 2016, e vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente estes créditos.

Considerando que é xeneralizada a consideración de que, entre as diversas administracións que integran o sector público, é a administración local a máis cercana aos cidadáns e, por conseguinte, aquela á que dirixen en primeiro lugar as súas pretensións.

Dentro dos principios enunciados no artigo 103 da CE que rexen a actividade das administracións públicas, a administración local debe procurar axustar a súa situación á axilidade e eficacia que demandan os cidadáns. É por iso que, en ocasións e para dar resposta aos veciños, a actuación administrativa non se axusta estritamente ao, por outra parte, rixido procedemento legal.

Leváronse a cabo, neste sentido nos exercicios anteriores, determinados gastos sen consignación orzamentaria correspondentes a subministrados de bens e prestacións de servizos, todos eles necesarios e indispensables para o normal desenvolvemento dos distintos servizos municipais e a prestación dos servizos xestionados por este Concello, así como gastos cuxa facturación tivo entrada no propio exercicio 2016 e que non puideron ser tramitadas e aplicadas a cargo dos respectivos orzamentos





Aínda levados sen contar con crédito orzamentario adecuado e suficiente, o Concello está obrigado ao pago dos citados gastos, previa imputación dos mesmos ao presuposto municipal. O propio lexislador consciente da existencia de estas actuacións "irregulares" pero en calquera caso necesarias para a prestación de servizos indispensables, contempla a imputación dos citados gastos ao presuposto corrente, imputación nun primeiro momento prohibida por o principio de anualidade orzamentaria, mediante a tramitación de un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos.

Considerando necesario e obrigado atender os gastos incorridos para evitar o prexuízo de terceiros contratantes coa administración e o correlativo enriquecemento inxusto ou sen causa de esta; considerando a efectiva prestación dos servizos e subministres de bens por parte dos terceiros acredores, constando factura acreditativa de cada un dos gastos debidamente conformada polos responsables dos distintos órganos xestores do gasto.

Visto o informe de Intervención número EMP 72/2016 de data 21 de abril de 2016, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigacións correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o foron naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

En atención ao exposto, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO. O levantamento do reparo formulado pola Intervención municipal no seu informe 72/2016 de 21 de abril.

SEGUNDO. Aprobar o recoñecemento de créditos 1/2016 cuxos gastos se detallan como anexos, segundo o seguinte detalle:

a) Relación 1 de recoñecemento extraxudicial de créditos 1/2016: trátase de facturas que tiveron entrada no exercicio 2016 e que se corresponden con gastos do exercicio 2015.

O importe total da relación 1 de recoñecemento extraxudicial 1/2016 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a un importe bruto de 134.352,49 €, con IVE soportado de 0,00 €, outros descontos 1.741,28 €, o que fai un importe líquido de 132.611,21 €. A relación comeza pola factura Nº 28-A682-757114 de 01/01/2016 de Telefónica móbiles España S.A., CIF A78923125, por importe de 170,40 € e remata coa factura Nº FE1632119752 de Gas Natural Servicios sdg, S.A., CIF A08431090, de 11/03/2016, por importe de 1.018,15 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

b) Relación 2 de recoñecemento extraxudicial 1/2016: trátase de facturas que tiveron entrada no exercicio 2016 correspondentes a exercicios anteriores e que se corresponden con gastos do exercicio 2015.

O importe total da relación 2 de recoñecemento extraxudicial 1/2016 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a un importe bruto de 72.248,02 € (líquido: o mesmo). A relación comeza pola factura Nº 04/16 de 04/03/2016 de Manuel Sestelo Rodríguez., NIF 76896238Q, por importe de 4.036,56 € e remata coa factura Nº 1 de Cantería Hermanos Rodríguez S.L., CIF B94135589, de 14/04/2016, por importe de 7.328,97 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

c) Relación 3 de recoñecemento extraxudicial 1/2016: trátase de facturas correspondentes a gastos do 2015 que quedaron pendentes de aplicar ao orzamento en 2.015 por non existir crédito orzamentario.

O importe total da relación 3 de recoñecemento extraxudicial 1/2016 que se propón para a súa aprobación, todas as facturas conformadas polos/as concelleiros/as de cada área, ascende a 427.085,94 €. A relación comeza pola factura nº A15001475 de 23/11/2015 de Alejandro González Souto, NIF 34.87.085 S, por importe de 104,00 €, e remata pola factura nº TA5670018318 de data 19/12/2015 de Telefónica de España S.A.U., CIF A82018474, por importe de 56,02 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)



d) Indemnizacións aos membros da Corporación que non teñen dedicación parcial nin exclusiva por asistencia a órganos colexiados, de acordo coa Base nº 35 das Bases de execución do orzamento prorrogado para 2016, para o período comprendido entre o 06/10/2015 ata o 30/12/2015, con cargo á partida 912-23000, por importe de 5.925,86 €. (Adxunta a esta proposta anexo coa relación)

e) Gastos de desprazamento dentro do termo municipal por razón de servizo a favor do Concelleiro de Vías e obras, Miguel González González NIF: 35.548.188-D, con cargo a partida 912-23100, co seguinte detalle:

- 128,63 € como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do termo municipal por razón de servizo durante o mes de novembro de 2015.

- 102,98 € como indemnización polos gastos ocasionados polo desprazamento dentro do termo municipal por razón de servizo durante o mes de decembro de 2015.

f) Que se recoñeza a obriga derivada das cuotas emitida pola Comunidade de Propietarios José Antonio – Mercadillo, CIF:H36228237, correspondentes ao meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2014, pola vivenda 1ºD sita en R/Arxentina , nº7 Edificio Rúa José Antonio a Mercadillo por importe de 65,88 € con cargo á partida 231-22699.

g) Que se recoñeza a obriga derivada dos gastos de auga do colexio Revolta correspondente ao período 07/07/2015 a 07/01/2016, a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , con cargo á partida 326.46801 por importe de 56,00 €.

h) Que se recoñeza a obriga derivada dos gastos de auga do colexio Revolta correspondente ao período 01/07/2014 a 05/01/2015, a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , con cargo á partida 326.46801 por importe de 35,50 €.

i) Que se recoñeza a obriga derivada dos gastos de auga do colexio Fontán, a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , correspondente ao período 07/07/2015 a 07/01/2016, con cargo á partida 326.46801 por importe de 24,50 €.

j) Que se recoñeza a obriga derivada dos gastos de auga do colexio Fontán, CIF G36219996 , correspondente ao período 01/07/2014 a 05/01/2015, con cargo á partida 326.46801 por importe de 15,50 €.

k) Que se recoñeza a obriga derivada dos gastos de auga do Campo de fútbol Penedo Redondo, a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , correspondente ao período 01/07/2014 a 05/01/2015, con cargo á partida 342.46801 por importe de 36,00 €.

l) Que se recoñeza a obriga derivada dos gastos de auga do Campo de fútbol Penedo Redondo, a favor da Comunidade de usuarios de augas de Parderrubias, CIF G36219996 , correspondente ao período 07/07/2015 a 07/01/2016, con cargo á partida 342.46801 por importe de 212,40 €.

m) Que se recoñeza a obriga derivada cota anual en base ao Convenio de Colaboración empresarial, a favor da Asociación Ruta do Viño das Rías Baixas, CIF: G36.597.201, correspondente ao ano 2015, con cargo á partida 430.22699 por importe de 600,00 €.



TERCEIRO. Aplicar, con cargo ao Orzamento do exercicio 2016 os correspondentes gastos con cargo ás partidas indicadas anteriormente e as que se detallan nos anexos mencionados anteriormente.

No caso dos gastos que deban ser imputados a Capítulo 6 do Orzamento de gastos, queda suspendida a súa eficacia de acordo co artigo 57.2 da Lei 30/1992, 26 de novembro, Réxime Xurídico Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, á entrada en vigor dun Orzamento no que se recolla o dito Capítulo 6 de gastos."

O Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal de Movemento Salceda, e sete votos en contra dos/as sres./as concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE, acorda **NON APROBAR** a proposta de acordo referida.

Non habendo máis temas que tratar, ás vinte dúas horas e cincuenta e cinco minutos, o Sr. Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de nove páxinas numeradas do un ao seis, e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel timbrado da Corporación até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Sr. Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Marcos David Besada Pérez



A SECRETARIA

Berta Alonso Soto



